

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2020.

Estimada compañeira / Estimado compañeiro:

Envíochelo no díptico axunto a información sobre o Curso “Atención psicolóxica telefónica”, que se levará a cabo a través da plataforma de teleformación Moodle do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (www.copgalicia.eu) o vindeiro 17 de outubro de 2020.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.

O último día de inscrición é o 7 de outubro de 2020.

Un saúdo

Julita M^a Touriño Araújo
Coordinadora do Curso “Atención psicolóxica telefónica”.



BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN: CURSO “ATENCIÓN PSICOLÓXICA TELEFÓNICA”

Nome e apelidos: DNI

E-mail: Nº de colexiado/a:

Enderezo: Teléfono.....

Profesión: Data

Último día de inscrición: 7 de outubro de 2020.

▫ Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio (No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadro).

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conserváremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular oponse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web www.copgalicia.gal.